


# Realización e comentario dunha pirámide de poboación

A pirámide de poboación é un gráfico que mostra a estrutura demográfica por sexo e idade nun momento dado. Ademais, reflicte no seu perfil os sucesos que tiveron repercusións demográficas nos últimos cen anos.

## 1. Construción

Sobre un papel milimetrado, trázase un eixe vertical dobre onde se representan os grupos de idade, de cinco en cinco anos, desde os 0 ata os 85 e máis. No eixe horizontal represéntanse, á esquerda, os efectivos da poboación masculina, e á dereita, os da poboación feminina, en cifras absolutas ou en tantos por cento. A representación debe completarse cun eixe vertical graduado cronoloxicamente coa data de nacemento de cada grupo de idade. O eixe empeza no grupo 0-4 anos coa data a que corresponde a pirámide e vai diminuindo de cinco en cinco anos ata o cume.



## 2. Comentario

### a) Comentario da estrutura por sexo:

- Constatar a superioridade numérica dos homes ao nacer, calculando a taxa de masculinidade ou observando a maior lonxitude da barra inferior da pirámide (grupo de 0 a 4 anos) do lado dos varóns; indicar o momento en que os efectivos de ambos os dous sexos se equiparan, e o predominio final das anciás. Este é máis notorio ñas pirámides recentes, dado que no pasado moitas mulleres morrían ao dar a luz.
- Explicar as causas da maior esperanza de vida das mulleres (maior fortaleza biolóxica e diferente estilo de vida con menor exposición aos factores de risco de morte).

### b) Estrutura por idade: determínase a partir de:

- As porcentaxes de mozos (0-14 anos), adultos (15-64 anos) ou anciás (65 anos e máis).
- A forma da pirámide: parasol, oxiva ou urna.

A **forma triangular ou de parasol** (España en 1900) indica poboación nova (os mozos supoñen máis do 35% da poboación, e os anciás, menos do 5%). A base é ancha polas altas taxas de natalidade e a poboación diminúe rapidamente cara ao cume por taxas de mortalidade elevadas e esperanza de vida baixa. Hai que sinalar as causas da alta natalidade e da alta mortalidade, así como as consecuencias da alta porcentaxe de mozos (forte demanda de postos de traballo en relación cunha economía atrasada, elevado paro e emigración).

A **forma de oxiva ou campá** (España en 1970) indica poboación adulta ou estacionaria (mozos entre o 25-35% e anciás entre 5-12%). A base é moderada porque a natalidade se foi recortando, aínda que de forma suave, de modo que aínda permite o relevo xeracional. A poboación diminúe lentamente cara ao cume a causa de taxas de mortalidade baixas. Hai unha acumulación de efectivos nos adultos e

porcentaxes non moi elevadas de mozos nin de anciáns. É necesario indicar as causas do recorte da natalidade e da baixa mortalidade, así como as consecuencias do predominio dunha poboación adulta (moitos activos e non demasiada poboación dependente).

A **forma de urna** (España en 2008) indica poboación envellecida (menos do 25% de mozos e máis do 12% de anciáns). A base remétese, debido a unha natalidade baixa e en descenso. A porcentaxe de anciáns é elevada debido ao incremento da esperanza de vida. E necesario explicar as causas do envellecemento e as súas consecuencias (gastos en pensions, sanidade e asistencia social).

### c) Comentario de sucesos demográficos

Os sucesos demográficos máis significativos dedúcense dos entrantes e saíntes do perfil da pirámide. Hai que relacionalos eos feitos históricos con repercusión demográfica (empezando sempre desde o cume).

- Os **entrantes** indican perda de poboación. Débense a subnatalidade, á mortalidade por guerras, fames ou epidemias ou á emigración.

Hai que ter en conta que os entrantes producidos polos mortos dunha guerra non coinciden nunca cos anos da guerra, senón que están entre 20 e 30 anos antes (4-5-6 barras máis arriba da pirámide), afectando sobre todo a poboación masculina que no momento da guerra estaba en idade de combater (entre 20 e 30 anos).

Os entrantes que coinciden eos anos da guerra débense á subnatalidade producida por esta e afectan case por igual a homes e mulleres. Os entrantes dunha pirámide constitúen unha xeración «oca» que se reflicte 20-30 anos máis abaixo, creando un novo entrante cando os membros desta xeración chegan á idade de ter fillos (20-30 anos): posto que son unha xeración menos numerosa, o total dos seus fillos é tamén menor.

- Os **saíntes** da pirámide indican incremento de Doboación. Débense a diversas causas: «baby boom» posbélico, desenvolvemento

económico, inmigración, etc. Tradúcense nunha xeración «avultada» 20-30 anos máis abaixo, cando chegan á idade de casar e ter fillos: posto que son máis, o número total dos seus fillos tamén é maior.

